

XULLO 2020

Tab. 1. Viaxeiros, noites, estadía media e graos de ocupación en Estab. de Turismo Rural. Xullo 2020

	ESPAÑA		GALICIA	
	Nº	Var. Int. 20/19	Nº	Var. Int. 20/19
VIAXEIROS	430.092	-16,6%	15.117	-48,5%
NOITES	1.462.784	-10,0%	41.105	-38,8%
ESTADÍA MEDIA	3,40	7,9%	2,72	18,9%
% OCUPACIÓN	30,07%	0,91	24,42%	-8,02
% OCUPACIÓN Fds	41,23%	-3,07	34,49%	-8,02

Fonte: Elaboración propia a partir da EOTR

Desde o día 21 de xuño, e de acordo ao Real Decreto 555/2020, finaliza o estado de alarma permitíndose a mobilidade da poboación en todo o territorio estatal. Nese contexto de eliminación das restricións con carácter xeral, o INE estima que neste mes de xullo abriron en Galicia un total de 415 establecementos de turismo rural –dos 505 que o fixeron no mesmo período do pasado ano- que ofertaron un total de 5.382 prazas –das 6.579 de xullo de 2019-.

Isto supón unha caída da oferta dispoñible do 18,2%, isto é, neste mes ofertáronse algo máis do 80% das prazas que habitualmente están dispoñibles no mes de xullo. Tal circunstancia mellora con diferenza os datos dos meses anteriores cando nun contexto de desescalada e restricións de aforo e da mobilidade a oferta dispoñible estaba moi por debaixo dos niveis do pasado ano. En maio ofertárase tan só o 10% das prazas e en xuño preto do 40%.

Con carácter xeral os resultados son obviamente negativos rexistrándose caídas importantes en todas as variables. Fixamos a continuación as principais conclusións:

- Comportamento negativo das principais variables de demanda en turismo rural de Galicia. Cae nun 48,5% a cifra de viaxeiros aloxados e nun 38,8% o volume de noites en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Este descenso non ten precedentes na serie histórica e leva, por tanto, a rexistrar mínimos de demanda do mes de xullo con pouco máis de 15 mil viaxeiros aloxados e máis de 41 mil noites – en xullo de 2019 rexistráranse máis de 67 mil-.
- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na perda de máis de 14 mil viaxeiros aloxados e de 26 mil noites en relación ao mes de xullo de 2019.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento dispar da demanda, con resultados positivos en seis comunidades e negativos nas once restantes. No conxunto de España rexístrase unha caída global do 16,6% na cifra de viaxeiros aloxados e do 10,0% no volume de noites.
- Murcia é o destino de mellor comportamento relativo neste mes de xullo, circunstancia que ten un mérito especial pola situación na que estamos actualmente de crise provocada polo Covid19. Neste mes de xullo rexistra un incremento da demanda en turismo rural do 38,0% grazas

principalmente a unha mellora da estadía media –que sobe un 31%- nun contexto no que a cifra de viaxeiros aloxados sobe con menor intensidade –un 5,6% neste caso-.

- Presentan tamén cifras positivas, mellorando os resultados de xullo do pasado ano, as comunidades de Castela A Mancha, Asturias, Castela e León, Navarra e Estremadura –as catro primeiras con subas por encima do 10% interanual e esta última cun incremento máis moderado, do 2,1% neste caso-.
- As restantes once comunidades amosan cifras negativas, isto é, presentan caídas da demanda en relación a xullo do pasado ano. Os descensos máis suaves localízanse en Cataluña e Aragón –inferiores ao 2% interanual- e os máis acusados en Galicia e País Vasco –do 39%- e Baleares –do 58% neste caso-. Neste sentido, Galicia rexistra un dos peores comportamentos da demanda en turismo rural do conxunto de España. Os resultados positivos concéntranse en Murcia, no interior peninsular e nalgúns destinos do norte.
- Castela e León –con máis de 235 mil pernoctacións- é o destino que neste mes lidera o mercado turístico en turismo rural a nivel estatal –absorbendo o 16,1% do total de España-. Seguen en orde de importancia Asturias –con máis de 218 mil pernoctacións-, Andalucía –con pouco máis de 169 mil- e Cataluña –con preto de 168 mil neste caso-. Estas catro comunidades absorben en conxunto ao 54% do total da demanda en turismo rural de España. A porcentaxe restante repártese no resto do territorio.
- Galicia ocupa neste caso unha posición baixa –de número doce no ranking total- representando o 2,8% do total estatal –porcentaxe inferior á que se rexistra noutras modalidades.
- En termos de mercado obsérvase un comportamento dispar dos tres grandes segmentos, circunstancia atípica neste contexto de caída xeneralizadas.
- O turismo interno, dos residentes en Galicia, presenta un comportamento positivo cun incremento global do 33,9% no volume de noites en turismo rural como consecuencia da combinación positiva de dous factores: suba da cifra de viaxeiros –do 6,2%- e mellora da estadía media –do 26% neste caso-. Contrasta este crecemento coas caídas rexistradas nos tres últimos anos –do 9,2% en xullo de 2017, do 1,6% en 2018 e do 3,8% en 2019- e co contexto negativo xeneralizado que acontece por mor da crise provocada polo Covid19, de aí a súa importancia. Esta suba coloca o nivel final de demanda interna en turismo rural en 16,5 mil noites –a cifra máis elevada da serie histórica-.
- O turismo receptor nacional –españóis procedentes doutras comunidades autónomas- presenta en cambio unha caída do 51% na cifra de viaxeiros aloxados –rexistrando preto de sete mil- e do 43% no volume de noites –con pouco máis de 21,5 mil neste caso-. En termos absolutos o descenso supón a perda de máis de 16 mil noites en relación ao dato de xullo do pasado ano, acadando con isto o nivel máis baixo dos últimos oito anos. Con todo, segue a ser o segmento máis importante representando o 53% do total da demanda.
- O turismo internacional participa igualmente da dinámica negativa pero con peores resultados. Rexistra unha caída global do 82% no volume de noites en turismo rural como consecuencia dun descenso parello da cifra de viaxeiros estranxeiros, do 88% neste caso. Con isto o mercado internacional pasa de rexistrar 17 mil noites en xullo do pasado ano a tres mil neste 2020. Representa apenas o 7% do total da demanda en turismo rural.

- Neste contexto negativo cambia a estrutura do mercado turístico gañando peso de forma notable o turismo interno –pasa de representar o 18,4% en xullo de 2019 ao 40,1% actual- e perdendo peso na mesma proporción o mercado receptor –catro puntos o de ámbito nacional e 18 puntos o internacional-.
- A nivel territorial obsérvase un comportamento negativo xeneralizado, con descensos da demanda en turismo rural de diversa intensidade. As caídas máis notables rexístranse en A Coruña –cun 45% menos- e sobre todo en Lugo –cun descenso neste caso do 64%- mentres que en Ourense e Pontevedra son menos notorias –do 11% na primeira e do 24% nesta última-.
- Con máis de 16 mil noites Pontevedra é neste mes a provincia que presenta maior nivel de demanda no segmento de turismo rural –representa o 39,6% do total de Galicia-. Seguen en orde de importancia A Coruña –co 31% e preto de 13 mil noites-, Ourense –co 16%- e Lugo – provincia que neste mes se sitúa en último lugar co 13,5% do total-. En termos comparativos son as provincias do sur da comunidade as que presentaron os descensos menos acusados.
- Neste contexto de caídas a estadía nos establecementos de turismo rural de Galicia increméntase de forma importante –un 18,9% en particular-, situándose en 2,7 noites de media. Sobe a estadía media por segundo ano consecutivo –e cuarto nos últimos cinco- mellorando en cinco décimas o dato de xullo de 2015.
- A estadía media de Galicia –correspondente ao segmento de turismo rural- sitúase nunha posición baixa no conxunto do Estado, mellorando tan só o dato de tres destinos –Estremadura, A Rioxa e Madrid, destino este último que marca o valor máis baixo con 2,3 noites-. Canarias rexistra pola contra o valor máis elevado con 4,7 noites de media.
- O forte descenso do nivel de demanda prodúcese nun contexto de caída da oferta dispoñible –tal como se comentou anteriormente o volume de prazas ofertadas cae un 18,2% en relación ao dato do pasado ano-. Con todo este descenso é inferior ao rexistrado do lado da demanda, circunstancia que leva a un empeoramento do nivel de ocupación, de oito puntos porcentuais, para situarse no 24,4% de media para este mes –en xullo de 2019, cun volume de oferta superior, rexistrouse unha ocupación media do 32,4%-.
- O descenso da ocupación en Galicia é o terceiro máis elevado do conxunto de España. Só dous destinos amosan un comportamento peor –o País Vasco cunha caída de case 17 puntos e Baleares cun descenso de 23 puntos-. Son seis en total os destinos que amosan un comportamento negativo do nivel de ocupación, dous nos que se mantén relativamente estable e nove nos que mellora en relación ao dato de xullo do pasado ano. Neste sentido Navarra é a comunidade que presenta o mellor comportamento en termos relativos cunha suba de máis de nove puntos no nivel de ocupación. Amosan tamén incrementos importantes Murcia –de case nove puntos- e Asturias –de máis de sete puntos neste caso-.
- Desta maneira o ranking sitúa a Asturias e Cantabria como os destinos que neste mes rexistran o nivel de ocupación máis alto de toda España, cun 47,8% de media na primeira e cun 41,4% na segunda. Estas dúas comunidades marcan tamén os valores máis elevados no segmento hoteleiro.
- No lado contrario sitúase a C. Valenciana, cun 20,8% neste caso. Neste contexto Galicia ocupa unha posición baixa superando o nivel de ocupación de tan só tres destinos –A Rioxa, Castela A Mancha e a C. Valenciana-.

ANEXO – GRÁFICAS DE APOIO

Fig. 1. Evolución noites en Turismo Rural. Xullo 2011-20




Fig. 2. Variación da demanda segundo a procedencia. Xullo 2020




Fig. 3. Variación da demanda a nivel territorial (provincias). Xullo 2020




Fig. 4. Evolución da estadía media en Turismo Rural. Xullo 2011-20

